

A pesca das navallas.

Os ríos que desembocan nas costas de Huelva forman praias de area fina, que son a súa beizón e o seu maleficio; unha chamada á urbanización, que adenta as praias.

Aínda que nunca consegue devorar a vida do lugar. Baixo da auga, centos de criaturas gañan a batalla contra a forza das ondas e a acción humana: gorgonias, briozoos, algas...

Todos necesarios para que haxa grandes peixes, como a faneca brava

E para que os pescadores atopen algo que atrapar nas súas nasas.

No fondo durmen redes, cabos e anacos de metal, recordos de navíos naufragados, cubertas desoladas, sen mariñeiros, que agora só habitan epífitos de mil cores.

Corais, ascidias, gorgonias,... anémonas, esponxas,... Peixes como as doncelas... E os espiñentos escarapotes.

O alcatruz é a arte tradicional para pescar polbos. Algúns deses cántaros xacen no fondo, perdidos, ou xa abandonados e substituídos por outros máis lixeiros de plástico. E é que o auténtico tesouro do fondo do mar son os seus organismos.

As navallas teñen un pé musculoso que lles permite agocharse moi apresa na area. Nas costas atlánticas de Andalucía, as navallas – ou longueiróns – apreciadas como son, teñen dado pé á imaxinación. En realidade, para as atrapar non se precisa máis que un pouco sal dentro dunha botella de plástico

A sal, ao entrar en contacto coa auga convértese en salmoira, que verquida arredor do buraco por donde a navalla se ten soterrado provoca a reacción do molusco. Detectou un camio osmótico e a súa resposta é saír e lanzar un reclamo. Se se tratara dun depredador habitual, o reclamo abondaría para o despistar.

É só que este depredador é máis forte que outros e tendeu a unha trampa á súa presa.

Aínda así, a tarefa non resulta doada. Hai que ser rápido e preciso para atrapar o prezado animal, que, doutro xeito, voltará a se soterrar rapidamente. Se non fose por esa rapidez, as navallas, coas súas fráxiles cunchas, serían vítimas de todos os depredadores.

E aínda así, o traballo para conseguir unhas cantas navallas non é pouco. Cando xa non se dan atopado a pouca profundidade, os homes baixan máis e permanecen máis tempo na auga para obter unhas poucas navallas: ese molusco que para uns é un prato exquisito e para outros representa a precaria subsistencia da xente do mar.